

Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a marzo de 2026

Data de publicación: 28/04/2026

Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia un crecemento interanual do 4,1% no mes de marzo de 2026. En España aumentou un 3,7%.
- Por produtos, as vendas en "Alimentación" aumentan un 3,4% e en "Resto de produtos" aumentan un 5,2%.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 9,2% en Galicia en marzo de 2026 con respecto ao mesmo mes de 2025. En España aumenta un 8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 1,2% en Galicia e do 0,9% en España.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1 Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

En marzo de 2026, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,1% en Galicia e un 3,7% en España en taxa interanual.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,2% en Galicia e un 4,3% en España respecto a marzo de 2025. Desagregando por produtos:

- “Alimentación” incrementa a facturación un 3,4% en Galicia e un 2% no conxunto de España.
- “Resto de produtos” medra un 5,2% en Galicia e un 6,7% no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Marzo de 2026

Galicia

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	100,6	4,1	4,1
Xeral sen estacións de servizo	98,7	4,2	4,2
Alimentación	95,8	3,4	3,1
Resto	105,2	5,2	5,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	108,3	3,7	3,2
Xeral sen estacións de servizo	107,7	4,3	3,3
Alimentación	103,9	2,0	2,4
Resto	116,8	6,7	4,8

Fonte: INE.

No que levamos de ano, as vendas minoristas aumentan un 4,1% en Galicia e un 3,2% en España. Rexístrase un incremento das vendas en “Alimentación” do 3,1% en Galicia e do 2,4% en España. No “Resto de produtos”, as vendas increméntanse un 5,7% en Galicia e un 4,8% en España.


2 Índices por comunidades e cidades autónomas

En marzo de 2026, as vendas aumentan en taxa interanual en todas as comunidades e cidades autónomas, con maiores incrementos en Aragón (9,3%), Extremadura (5,9%) e A Ríoxa (5,6%).

No período xaneiro-marzo, comparado co mesmo período do ano anterior, tamén se incrementan as vendas en todas as comunidades e cidades autónomas agás en Illas Balears; rexistrándose as taxas máis elevadas en Aragón (6,9%), País Vasco (5,2%) e Extremadura (4,6%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

3 Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

No mes de marzo, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 9,2% en Galicia e un 8% en España en taxa interanual.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 7,7% en Galicia e do 7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 7,2% en "Alimentación" e un 8,2% en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 5,1% nas vendas en "Alimentación" e do 8,7% en "Resto de produtos".

No que vai de ano, o índice medra un 6,6% en Galicia e un 5,4% en España. En Galicia, as vendas incrementáanse un 6,7% tanto en "Alimentación" coma en "Resto de produtos". En España, as vendas varían un 5,8% en "Alimentación" e un 5,4% en "Resto de produtos".

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Marzo de 2026
Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	125,7	9,2	6,6
Xeral sen estacións de servizo	122,6	7,7	6,7
Alimentación	128,8	7,2	6,7
Resto	118,1	8,2	6,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	135,1	8,0	5,4
Xeral sen estacións de servizo	133,4	7,0	5,6
Alimentación	139,7	5,1	5,8
Resto	128,8	8,7	5,4

Fonte: INE.

4 Índice de ocupación

No mes de marzo, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,2% en Galicia e do 0,9% no conxunto de España. No que vai de ano, a ocupación medra un 0,9% en Galicia e un 0,8% en España.

Índices de ocupación. Marzo de 2026
Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	104,3	1,2	0,9
Xeral sen estacións de servizo	104,0	1,2	0,9

Fonte: INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	106,2	0,9	0,8
Xeral sen estacións de servizo	106,2	1,0	0,8


Fonte: INE.

5 Índices de ocupación por comunidades e cidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en 16 comunidades e cidades autónomas no mes de marzo. Os maiores incrementos rexístranse en Ceuta (3,3%) e Asturias (2,8%).

Índice xeral de ocupación. Marzo de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en 17 comunidades e cidades autónomas. Ceuta (3,1%) e Asturias (2,8%) rexistran os maiores incrementos.

6 Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.